



PREGUNTA ORAL SOBRE A CONCESIÓN DE POSTOS NA NAVE 5 DA PRAZA DE ABASTOS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O primeiro procedemento (CON 2/2016) para a concesión de postos na nave 5 da Praza de Abastos saldouse coa renuncia de dúas das tres empresas adxudicatarias, que alegaron verse “imposibilitadas de realizar a actividade descrita no plan de negocio e viabilidade presentado”.

O segundo procedemento (CON 61/2016) rexistrou un número de profesionais ou de empresas interesadas ou licitadoras aínda menor que o rexistrado no procedemento anterior (cinco empresas ou profesionais interesados participan no segundo procedemento fronte a dez que concorreron ao primeiro) e, en todo caso, insuficiente para cubrir os sete postos ofertados (cinco ofertas, sendo sete os postos ofertados).

O Goberno municipal, como explica e como valora, por unha banda, a renuncia de dúas empresas e, por outra, como explica e como valora o escasísimo número de licitadores?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

María José Castro Carballal
Concelleira do Grupo Popular